

Ola nenos e nenas:


Esta semana imos empezar a traballar dun xeito diferente. Necesitaredes un ordenador para facer *fichas interactivas*. Os pasos a seguir son moi sinxelos. Só tendes que clicar as ligazóns que vos envío no documento pdf, unha por unha. Estas ligazóns levaranvos a unha ou varias fichas que tendes que facer coa axuda do teclado ou rato. Cando rematedes unha ficha, enviádesma.

COMO ENVIAR AS FICHAS INTERACTIVAS


Cando rematedes a ficha interactiva, buscade na parte baixa da pantalla este botón:

¡Terminado!

Pulsade e aparecerá esta pantalla:



Eléxide "Enviar mis respuestas a mi profesora"

A screenshot of a form titled "¿Qué quieres hacer ahora?". It has two options: "Comprobar mis respuestas" and "Enviar mis respuestas a mi profesora". The "Enviar mis respuestas a mi profesora" option is selected. Below the options are input fields for "Introduce tu nombre completo:", "Curso/Nivel:", "Asignatura:", and "Introduce el email o código clave de tu profesora:". There is a "Send" button and a "Cancelar" button at the bottom.

Cubride os datos que pide: nome, curso, materia e o correo onde se ten que mandar a ficha (sería o mesmo correo de gmail que vos facilitei para mandar as tarefas semanais)

Cando rematedes de cubrir os datos, pulsade:

enviar